

Bases do “I Concurso relatos breves en galego”

1. Convocatoria

O centro escolar C.P.R Nebrija Torre de Hércules, convoca o “**I Concurso de relatos breves en galego**” dirixido ao alumnado que forma parte de dito centro no curso escolar vixente.

2. Obxectivos

Os obxectivos do concurso son:

- Celebrar o día das Letras Galegas.
- Incentivar a creación literaria en galego.
- Fomentar o uso da lingua galega na escrita.

3. Tema

Animámosvos a participar neste concurso de relatos breves para que teñades a oportunidade de deixar voar a vosa imaxinación escribindo na nosa lingua.

A **temática** do concurso é **libre**, polo que as opcións son moitas.

4. Presentación de traballos

Normas para presentar as creacións literarias:

- Cada participante terá que presentar o seu relato **na secretaría do centro**.
- **Formato** do traballo: Un máximo de dúas carillas impresas (DIN A4) co título e o relato. Mecanografadas a interliñado 1'5, a dobre cara, letra *Arial* do tamaño 11 e co texto xustificado.
- As propostas serán **inéditas e orixinais**.
- As obras que dalgún xeito permitan saber a quen pertencen non poderán participar no concurso.

5. Desenvolvemento do concurso:

As propostas presentaranse na secretaría segundo as normas recollidas anteriormente, **ata o 10 de maio do 2021 ás 14:00h**.

O xurado comunicará persoalmente e a través da web do colexio o **relato gañador o 13 de maio de 2021**.

Unha vez finalizado o concurso, a obra gañadora colgarase na web do centro escolar co nome do gañador ou gañadora.

6. Xurado

O xurado estará composto polas profesoras Nadia Escourido Quintiana, María José Vázquez Pérez e Sara Rodríguez Cedrún.

O xurado valorará:

- Orixinalidade e creatividade.
- Calidade literaria.
- Bo uso da lingua galega.

7. Premio

O premio que recibirá o alumno/a gañador será un recordo do noso centro escolar.